

REGULAMENTO ELECTORAL PARA A ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BILLAR

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto da normativa.

O presente regulamento electoral ten por obxecto regular o proceso de elección dos órganos de goberno: Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada, da Federación Galega de Billar con representatividade durante o período electoral 2022 a 2025.

Artigo 2. Celebración de eleccións.

A Federación Galega de Billar procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada no ano 2022. O calendario electoral será o indicado no anexo a convocatoria das eleccións, calendario que será aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte xunto co regulamento electoral. Os sobres e papeletas serán os establecidos no anexo deste regulamento.

O horario de apertura ao público, durante o proceso electoral, da sede federativa sita na rúa Luis Ksado, 17-1º - oficina nº 6 de Vigo, e o seguinte: de 9:30 á 13:30 horas de luns a venres.

Artigo 3. Do Regulamento electoral.

Este regulamento electoral é o conxunto de normas que regula a celebración do proceso electoral da Federación Galega de Billar.

Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral da Federación Galega de Billar, convocada ao efecto cun prazo de antelación mínimo de **dez días hábiles**, será remitido á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia no prazo de **dous días hábiles**, xunto coa acta da asemblea na que se recollan as alegacións formuladas e unha proposta de calendario electoral que indicará as datas estimadas de inicio e remate do proceso electoral. Esta remisión realizarase cunha antelación mínima de **corenta e cinco días** á data prevista para o inicio do proceso electoral.

A Secretaría Xeral para o Deporte resolverá, no prazo máximo de **trinta días**, desde a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a súa aprobación ou a súa devolución para emendas.

No caso de ser necesaria a subsanación de emendas, indicaranse as mesmas e se concederán **dous días hábiles** para proceder a dita corrección.

Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentarase á Secretaría Xeral para o deporte para a súa ratificación definitiva.

Transcorrido un mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite ningunha resolución se entenderá aprobado o regulamento.

Unha vez aprobado o regulamento pola Secretaría Xeral para o Deporte, esgotarase a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

O regulamento electoral, será publicado no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Billar e na páxina web da Federación Galega de Billar (www.fegabi.es) no apartado “Documentos - Procesos electorais”.

Capítulo II. Órganos electorais.

Artigo 4. Comisión xestora. Composición duración e funcións

1. Unha vez convocadas as eleccións, a xunta directiva da federación entenderase disolta, asumindo as súas funcións unha comisión xestora.

2. A composición da comisión xestora da Federación Galega de Billar, que estará formada por **oito** membros máis unha presidencia, será a seguinte:

a) **Catro** membros elixidos pola comisión delegada, debendo ter representación, por este orde, os estamentos de: entidades deportivas, deportistas, xuíces/árbitros e adestradores e adestradoras. (Esta regra de representatividade deberá observarse tanto na designación das persoas titulares coma das suplentes.

b) **Catro** membros designados pola xunta directiva antes da súa disolución entre os que se deberán incluír as persoas que exercerán as funcións de secretaria e tesourería da federación. (o mesmo que no punto anterior designar persoas suplentes de estes membros da comisión xestora).

c) A presidencia da comisión xestora corresponderá a quen presida a Federación Galega de Billar ou, cando cese en dita condición cando finalice o seu mandato, cando renuncie ao posto, ou cando presente a candidatura a persoa integrante da asemblea ou á presidencia da federación, quen sexa elixida para tal función por e entre as persoas que integren a comisión xestora.

3. As persoas que presenten a súa candidatura para formar parte dos órganos de goberno e representación da Federación non poderán ser membros da comisión xestora, debendo cesar en dita condición ó presentar a candidatura en cuestión.

4. A comisión xestora entenderase extinguida unha vez tomen posesión todos os membros dos órganos de goberno da Federación Galega de Billar.

5. A comisión xestora será o órgano encargado de administrar e xestionar a Federación durante o proceso electoral, non poderán realizar actos que directa ou indirectamente, mediata ou inmediatamente, induzan ou condicionen o sentido do voto dos electores, e deberán observar os principios de obxectividade, transparencia do proceso electoral e igualdade entre os actores electorais. Estas accións serán aplicables á actividade desenvolvida polo persoal da federación e polos restantes órganos federativos durante o proceso electoral.

6. Se por circunstancias ou incidencias xurdidas durante o proceso electoral a finalización do mesmo se demorase en exceso, dificultando, comprometendo ou poñendo en risco o desenvolvemento ordinario da actividade deportiva da Federación, a comisión xestora, coa supervisión e autorización da Secretaría Xeral para o Deporte, poderá adoptar as medidas imprescindibles para evitar dita situación.

Artigo 5. Da xunta electoral. Composición e duración Funcións.

1. Constituirase unha única xunta electoral que será o órgano encargado e de control das eleccións. Deberá resolver en primeira instancia as reclamacións que se presenten contra toda decisión adoptada no proceso electoral, agás a convocatoria das eleccións e a adopción do acordo polo que se aproba o regulamento electoral que unicamente poderá ser obxecto de recurso directamente ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

2. A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, que serán elixidos e designados pola asemblea xeral na mesma sesión na que se aproba o regulamento electoral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. De non existir candidaturas, serán designados pola comisión delegada e de non existir esta, pola persoa titular da presidencia da federación no prazo de **tres días hábiles**, dende a celebración de dita asemblea.

As súas reunións celebraranse na sede federativa ou por medios telemáticos tantas veces sexa necesario e ás súas decisións serán publicadas no taboleiro de anuncios e na web da Federación na sección procesos electorais. As persoas integrantes da xunta electoral poderán ser validamente convocadas para que a sesión se celebre en varios lugares simultaneamente sempre que os medios técnicos permitan o normal desenvolvemento da sesión e o respecto dos dereitos das persoas membros.

3. As persoas candidatas a membros da xunta deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Ter, cando menos, o título de bacharelato superior ou equivalente.
- c) Non formar parte dos órganos de goberno da federación, nin da comisión xestora nin ostentar postos directivos na federación.
- d) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral. No suposto de presentarse como candidato a membro da Asemblea xeral ou á presidente da federación cesará no seu posto na xunta electoral e será substituído polo suplente.
- e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que comporte sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.
- f) Aceptar expresamente o cargo de membro da xunta electoral.

4. Poderán ser candidatas a membros da xunta electoral as persoas que non teñan a condición de federada ou de membro da asemblea.

5. Os membros da xunta electoral elixirán entre eles ás persoas que desempeñen a presidencia e a secretaría da mesma. No seu defecto, ostentará a presidencia da xunta electoral o membro elixido de entre eles de maior idade e a secretaría o de menor idade.

6. A xunta electoral constituirase no prazo máximo de **dous días hábiles** desde a data da convocatoria do proceso electoral.

7. Ao día seguinte da constitución da xunta electoral, a persoa que ocupe a secretaría desta enviará á Secretaría Xeral para o Deporte a relación de persoas que constitúen a xunta electoral.

8. O mandato dos membros da xunta electoral será ata a convocatoria do seguinte proceso electoral, e as eventuais vacantes que se produzan serán cubertas polo mesmo procedemento e cunha duración polo tempo restante ata a convocatoria do seguinte proceso electoral.

9. Son funcións da xunta electoral:

- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
- b) Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente da federación, segundo o disposto neste regulamento electoral.
- c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste regulamento electoral.
- d) Proclamar as candidaturas a membros da asemblea xeral e a presidencia que reúnan os requisitos esixidos.
- e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos segundo se establece neste regulamento electoral.
- f) Coñecer e pronunciarse, en primeira instancia, sobre as reclamacións que se presenten en materia electoral. A xunta electoral esta obrigada a resolver expresamente e no prazo concedido ao efecto todas as reclamacións que se formulen.
- g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización que será cando remate o prazo para a impugnación da toma de posesión da presidencia da federación.
- h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral.

2. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos, non sendo admisible a abstención.

3. A asistencia á xunta electoral é obrigatoria salvo ausencia xustificada.

Capítulo III. Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral.

Artigo 6. Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral.

1. Poderán ser persoas electores e elixibles á asemblea xeral:

- a) Nos estamentos constituídos por persoas deportistas, persoas que ostenten a condición de xuíces/árbitros, e técnicos/adestradoras, as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1º Ser maior de idade na data de celebración das votacións.

2º Ter licenza federativa en vigor pola correspondente federación deportiva galega na data de convocatoria das eleccións e as dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións.

3º Ter participado nas tempadas 2020/2021, 2019/2020 ou 2018/2019, ou, para o caso de modalidades deportivas con tempadas anuais, nas tempadas 2021, 2020, 2019 ou 2018 nunha competición deportiva oficial celebrada en alomenos dúas tempadas. Dadas as excepciónais circunstancias ocasionadas pola evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma, a referencia ás participacións nas competicións oficiais nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións do artigo 8.1.a), amplíase ás tempadas 2018/2019, ou 2019 e 2018 no caso das persoas deportistas ou técnicas/adestradoras que non competiran (ben pola falta de competicións ou por unha causa persoal que impedira a participación), polas circunstancias excepciónais da pandemia, nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións.

Este requisito non será esixido para o caso das persoas que ostenten a condición de xuíces e árbitros.

No caso de que, por causa de forza maior, non se tivesen realizado competicións deportivas oficiais no período indicado anteriormente, abondará con ter participado nunha competición deportiva oficial na tempada do último calendario oficial desenvolvido.

4º Nas modalidades ou especialidades deportivas en que a actividade deportiva non ten carácter competitivo, será suficiente con ser maior de idade na data de celebración das votacións e ter licenza federativa en vigor pola correspondente federación deportiva galega na data de convocatoria das eleccións e desde xaneiro do ano anterior ao da celebración das eleccións.

Ademais dos anteriores requisitos, comúns para ser elector e elixible, constitúe requisito específico de elixibilidade nestes estamentos que se trate de persoas que non estean inhabilitadas para ocupar cargos directivos ou de representación no ámbito deportivo por resolución firme na vía administrativa ditada polo órgano disciplinario competente, nin estar inhabilitadas para o desempeño de cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme.

b) No estamento de entidades deportivas, as que reúnan os seguintes requisitos:

1º Inscripción desde o mes de xaneiro dos dous anos anteriores ao de celebración das eleccións na federación correspondente e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

2º Participación nas tempadas 2021, 2020, 2019 ou 2018 nunha competición deportiva oficial alomenos en dúas tempadas. Dadas as excepciónais circunstancias ocasionadas pola evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma para o caso do estamento de entidades deportivas, a referencia ás participacións nas competicións oficiais nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións amplíase aos anos 2018 e 2019 no caso das entidades deportivas que non competiran (ben pola falta de competicións ou por unha causa individual que impedira a participación), polas circunstancias excepciónais da pandemia, nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións.

No caso de que, por causa de forza maior, non se tivesen realizado competicións deportivas oficiais no período indicado anteriormente, abondará con ter participado nunha competición deportiva oficial na tempada do último calendario oficial desenvolvido.

Ademais dos anteriores requisitos, comúns para ser elector e elixible, non serán elixibles as entidades deportivas filiais ou dependentes que teñan esta consideración segundo os estatutos ou normas da federación correspondente. A efectos electorais equiparanse a estas entidades as que, a pesar de ter estruturas independentes, comparten a lo menos un 50% das súas licenzas.

2. Entenderanse como competición deportiva oficial a incluída como tal no calendario oficial da respectiva federación deportiva de Galicia ou a así cualificada polo órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte. Tamén terán esta consideración as competicións estatais e internacionais oficiais da respectiva federación española ou internacional ás cales a federación galega de billar estea adscrita.

3. As persoas membros da federación que pertenzan a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito dirixido á xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo provisional. O criterio para identificar os electores nun único estamento, no caso de non exercer a opción individual, serán, por esta orde, no censo de adestradores, de xuíces/árbitros ou no de deportistas. O criterio para identificar os electores nunha especialidade, no caso de non exercer a opción individual, o criterio será: na mesma especialidade do club ao que pertenza.

4. Poderán ter a condición de elixibles aquelas persoas físicas e xurídicas que atopándose sancionada por un procedemento disciplinario deportivo, a sanción non comporte a inhabilitación da condición de elixible.

5. A efectos destas eleccións, a única licenza federativa válida será a expedida pola Federación Galega de Billar.

Artigo 7. Das persoas electoras e elixibles á presidencia da federación e á comisión delegada.

1. Poderán ser electoras á presidencia da federación e á comisión delegada as persoas asembleístas que resulten elixidos nas eleccións do ano 2022.

2. Poderán ser elixibles para a presidencia da federación as persoas que cumbran, na data de celebración da elección, os seguintes requisitos:

a) Ser maior de idade e presentar unha candidatura avalada, como mínimo, polo 10% dos membros da asemblea, non sendo necesario que a persoa que presente a candidatura teña a condición de asembleísta nin de afiliada á federación deportiva correspondente.

b) Non estar inhabilitada para ocupar cargos directivos ou de representación no ámbito deportivo por resolución firme na vía administrativa ditada polo órgano disciplinario competente, nin estar inhabilitadas para o desempeño de cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme.

c) Non ter sido condenado por delitos contra á facenda pública estatal ou autonómica galega nin contra a Seguridade Social, o que se acreditará mediante a presentación da correspondente declaración pola persoa interesada.

3. Poderán ser elixibles para a comisión delegada as persoas físicas (deportistas, adestradores e xuíces/árbitros) é xurídicas (entidades deportivas) que teñan a condición de membro da asemblea xeral na data da celebración da elección.

Capítulo IV. Dos censos electorais.

Artigo 8. Do Censo electoral.

Elaboraranse tres censos electorais:

- a) Censo inicial.
- b) Censo provisional.
- c) Censo definitivo.

O censo electoral estará ordenado alfabeticamente por apelidos e nome e, de ser o caso, en listas separadas por especialidades deportivas, polos distintos estamentos deportivos de cada federación e por circunscrición electoral.

O censo electoral incluírá aos deportistas, técnicos/adestradores, xuíces/árbitros e entidades deportivas inscritas na federación e no rexistro de entidades deportivas de Galicia (en listas diferentes), que reúnan os requisitos para ser electores, de acordo co establecido no artigo 6º do presente regulamento.

Nos caso de persoas deportistas, persoas que ostenten a condición de adestradoras/técnicos, árbitros/xuíces incluírán os seguintes datos: nome, apelidos, sexo, enderezo, correo electrónico, número de licenza federativa, número de DNI, pasaporte ou, se é o caso, de autorización de residencia (só aparecerán os catro últimos números), club, e no seu caso sección deportiva de pertenza, e consideración de deportistas de alto nivel e, cando así proceda, especialidade deportiva. No caso das persoas deportistas e técnicas, o enderezo e o correo electrónico para estes efectos será o do seu club ou o que estas indiquen expresamente para o efecto.

Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social, enderezo, número de inscrición no rexistro de entidades deportivas de Galicia, correo electrónico así como a identificación e sexo da persoa representante legal que exercerá o dereito a voto e, cando así proceda, especialidade deportiva. Neste censo figurará como representante a persoa que ostenta a presidencia de cada entidade deportiva, agás que a representación recaia nunha persoa da xunta directiva, o que deberá acreditarse mediante certificado expedido polo rexistro de entidades deportivas de Galicia.

En relación con outros colectivos interesados, se os houber, aplicaranse as regras previstas nas alíneas anteriores segundo sexan persoas físicas ou xurídicas, respectivamente.

O tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por exclusiva finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, e garantir a transparencia do proceso electoral; non será posible a súa utilización nin cesión para ningunha finalidade distinta daquela.

Queda prohibida calquera información particularizada sobre os datos persoais contidos no censo electoral. En todo caso, será de aplicación o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

a) Censo electoral inicial.

Nos dous primeiros meses do ano 2022, a FGB elaborará un censo electoral inicial por cada estamento e especialidade (se existen), por clubs, deportistas, técnicos e árbitros e, se e o caso, outros colectivos previstos nos seus estatutos.

Este censo inicial será exposto publicamente no taboleiro de anuncios da federación e nas súas delegacións, así como na paxina web da federación na sección denominada «procesos electorais», durante **catorce días hábiles** para os efectos de que as posibles persoas electoras poidan presentar aclaracións, rectificacións ou reclamacións dentro do mesmo prazo, mediante escrito remitido á xunta directiva, que valorará os escritos presentados e procederá, se é o caso, á emenda ou corrección do censo electoral inicial no prazo de **cinco días hábiles**. Para o caso de que exista estamento de organizadores, o listado incluirá, no seu caso, o nome do organizador da competición se non fose a propia federación deportiva galega.

Neste prazo, as entidades deportivas poderán solicitar que figure como representante delas no censo e como votante na elección de membros da asemblea xeral unha persoa distinta á presidencia, sempre que sexa membro da xunta directiva da entidade, condición que deberá acreditar mediante certificado expedido polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Rematados os prazos anteriores, remitirase o censo electoral inicial xunto coas aclaracións, rectificacións ou reclamacións á Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo de **dez días hábiles** e en soporte informático apto para tratamento de textos e datos, e irá acompañado dunha relación das competicións oficiais de acordo cos calendarios deportivos oficiais aprobados da tempada do ano en que se celebran as eleccións e as dos catro anos anteriores. No caso de que, por causa de forza maior, non se tivesen realizado competicións deportivas oficiais nos períodos indicados anteriormente, remitirase a relación de competicións oficiais na tempada do último calendario oficial desenvolvido.

A Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo máximo de **dez días hábiles**, emitirá un certificado no caso de que as entidades non figuren inscritas no Rexistro de entidades deportivas de Galicia ou as competicións non estean incluídas no calendario deportivo oficial.

b) Censo electoral provisional.

A xunta directiva da federación galega de billar, á vista do certificado da Secretaría Xeral para o Deporte, dará de baixa no censo inicial ás entidades deportivas galegas non inscritas no Rexistro de entidades deportivas de Galicia, así como non terá en consideración as competicións non incluídas no calendario deportivo oficial, formulando o censo electoral provisional.

O censo electoral provisional publicarase simultaneamente coa convocatoria electoral e deberá ser remitido pola secretaria da federación á xunta electoral no prazo máximo de **catro días hábiles** desde a convocatoria.

Será exposto publicamente no taboleiro de anuncios da federación así como na páxina web da federación na sección “procesos electorais” por un prazo de **dez días hábiles**, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se consideren oportunas ante a xunta electoral.

Rematado o prazo de exposición pública, a xunta electoral resolverá expresamente as reclamacións no prazo de **cinco días hábiles**. Transcorrido ese prazo sen resolución expresa, entenderase desestimada a reclamación formulada.

Contra a resolución das reclamacións ao censo electoral provisional poderá interpoñerse, nun prazo máximo de **tres días hábiles** a contar desde o día seguinte a recepción da notificación da resolución da reclamación se esta é expresa ou transcorrido o prazo máximo para resolver, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, que deberá resolver nun prazo de **cinco días hábiles**.

c) Censo electoral definitivo.

Una vez resoltos os recursos contra o censo electoral provisional, no caso de terse presentado, ou de non existir estes, a Xunta electoral elevará, no **día hábil seguinte**, o censo electoral provisional a definitivo, sen que caiba impugnación posterior.

O censo electoral definitivo será exposto nos mesmos lugares e da mesma forma que o censo-provisional e será exposto ata o día da votación á asemblea xeral.

3. Aprobado o censo electoral definitivo a xunta electoral deberá aprobar, no seu caso, os cambios que se deban facer na distribución inicial do número de representantes asignado a cada circunscrición electoral por especialidade e por estamento, cando os ditos cambios veñan impostos polas variacións ou modificacións do censo electoral provisional. Contra esta resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de **tres días hábiles** recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver no prazo de cinco días hábiles.

Capítulo V. Das mesas electorais.

Artigo 9. Mesas electorais.

Para a celebración das votacións constituiranse tres tipos de mesa electoral:

I) Mesa electoral para a votación a candidaturas da asemblea xeral da federación galega de billar. Constituiranse as seguintes mesas electorais:

a) Unha na rúa Luis Ksado, 17-1º - oficina nº 6 de Vigo, con o horario seguinte: de 9:30 á 13:30 horas.

b) Outra, na Avenida de Madrid, 51 – baixo de Lugo, con o horario seguinte: de 16:30 á 20:30 horas.

1. A mesa electoral de cada circunscrición estará composta por tres membros titulares (unha presidencia, unha secretaría e unha vogalía) e tres suplentes destas, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral.

2. A designación dos membros titulares e suplentes da mesa electoral realizarase nos **dous días hábiles** seguintes ao da proclamación definitiva das candidaturas, As persoas propostas deberán aceptar esta designación no prazo dos **dous días hábiles** seguintes, agás causa xustificada e documentada que lles impida a aceptación do cargo.

3. Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á elección de membros da asemblea xeral.

4. Para cada mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores da súa candidatura.

5. Son funcións da mesa electoral:

a) Comprobar a identidade dos votantes.

b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.

c) Proceder ao recuento de votos.

d) Levantar acta dos votos emitidos, dos resultados e de calquera outra incidencia, así como das incidencias e reclamacións, se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.

e) Remitir á xunta electoral e a Secretaria Xeral para o Deporte a acta que será subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polas persoas interventoras, se os houbera, e remitirse polo secretario, ao día seguinte das votacións á xunta electoral que deberá garantir a súa exposición pública mediante publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web da federación, no apartado “proceso electoral”.

II) Mesa electoral de voto por correo.

A xunta electoral designará unha mesa electoral do voto por correo que adecuará o seu funcionamento e obrigas ao disposto no apartado I) deste artigo, coas seguintes peculiaridades:

a) A súa sede será a da Secretaría Xeral para o Deporte.

b) Constituirase ás 16.00 horas do segundo día hábil seguinte á data de celebración da votación presencial. A persoa que asuma as funcións de secretario da xunta electoral deberá achegar a esta mesa electoral o censo definitivo coa indicación das persoas que exerceran o voto presencialmente, coa finalidade de garantir que non se computen os votos por correo que puidesen emitir as ditas persoas.

c) Formará parte da mesa como un vogal máis da mesma unha persoa que ostente a condición de empregada pública designada pola persoa responsable da Secretaría Xeral para o Deporte. No suposto de empates o voto do presidente será dirimente.

III) Mesa electoral para a votación á presidencia e á comisión delegada da federación.

a) A mesa electoral para a votación á presidencia da federación constituirase o día da votación no local ubicado na sede da federación, rúa Luis Ksado, 17-1º - oficina nº 6 de Vigo; e adecuará o seu funcionamento, obrigas e funcións ao disposto no apartado I) deste artigo.

b) A mesa electoral estará composta por tres membros: unha presidencia, unha secretaria e unha vogalía, elixidos por sorteo entre os membros da asemblea xeral. O sorteo será realizado pola xunta electoral da federación.

c) Ostentarán a presidencia e a secretaria os membros de maior e menor idade desta mesa electoral, respectivamente. Así mesmo, e ata que conclúa a elección da presidencia da federación, exercerán as funcións da presidencia e secretaria da asemblea xeral da federación.

c) Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á presidencia da federación nin as candidatas á Comisión Delegada.

d) Primeiro elixirase a presidencia da federación e a continuación procederase á elección dos membros que correspondan da comisión delegada da federación, entre os candidatos de cada estamento polos membros asembleístas de cada un deles .

IV) Unha vez constituídos todos os órganos reitores da federación entenderanse disoltas as mesas electorais.

Artigo 10. Das persoas interventoras.

1. Por cada mesa electoral, as persoas candidatas poden nomear interventoras da súa candidatura a calquera persoa maior de idade que serán identificadas ante a xunta electoral cunha antelación non inferior a tres días do día de realización das respectivas votacións.

Correspóndelle á xunta electoral expedir a correspondente acreditación como interventora.

2. As interventoras poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitarlle certificacións e formularlle protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde para presentar recursos ante a xunta electoral e o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

3. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá designar, entre o seu persoal, a observadores nas mesas electorais coa función de comprobar o desenvolvemento das votacións, debendo emitir un informe do observado na xornada de votación.

Capítulo VI. Do proceso electoral.

Artigo 11. Convocatoria.

1. A convocatoria das eleccións será feita polo presidente da Federación Galega de Billar, conforme a este regulamento electoral, aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, constituíndose unha comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.

3. A convocatoria de eleccións comunicárase a Secretaría Xeral para o Deporte e publicarase no taboleiro de anuncios da sede da federación e as delegación territoriais (se as houbera), así como na súa páxina web da federación (www.fegabi.es) no apartado “Documentos - Procesos electorais”.

A convocatoria de eleccións conterà cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:

- O calendario electoral aprobado e selado pola Secretaría Xeral para o Deporte.
 - O censo electoral provisional.
 - A distribución do número de persoas membros da asemblea xeral por especialidades, estamentos e circunscricións electorais que deberá reflectir a distribución inicial establecida no regulamento electoral do número de representantes asignado a cada circunscrición por especialidade e por estamento.
 - A data, lugar e o horario de celebración das votacións.
- Os modelos oficiais de sobres e papeletas.
- O regulamento electoral.
 - O procedemento e os prazos para o exercicio do voto por correo.
 - A forma de remisión da documentación á xunta electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte.
 - A composición nominal da xunta electoral da Federación e os prazos para a súa recusación, así como os enderezos postal e electrónico da xunta electoral. **(este último debe ser independente de calquera outro correo electrónico da federación).**

4. A convocatoria deberá ser obxecto da máxima publicidade e difusión posibles, utilizando todos os medios electrónicos e informáticos dos que dispón a federación, a lo menos no taboleiro de anuncios e na páxina web da federación galega de billar: (www.fegabi.es) no apartado “Documentos - Procesos electorais”.

Esta publicación será avalada, mediante certificación da Secretaría Xeral da Federación Galega de Billar e será exposta xunto coa documentación anterior. **(esta certificación deberá ser remitida á Secretaría Xeral para o Deporte)**

5. O acto da convocatoria poderá ser recorrido ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de **tres días hábiles** desde a data da súa completa publicación, de acordo a certificación anterior.

Artigo 12. Calendario electoral.

1. O calendario electoral para a elección dos membros dos órganos reitores da federación respectará os prazos, obrigas e prohibicións establecidos no decreto regulador dos procesos electorais das federacións deportivas galegas.

2. O calendario electoral se publicará como anexo a convocatoria do proceso electoral.

3. Os prazos deste calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días, entenderase días hábiles e expirarán ás 14:00 horas do derradeiro día de prazo, salvo disposición en contrario. Se o día final do prazo coincide con día inhábil de carácter autonómico ou estatal, ou cun día no que non estean abertas as dependencias da federación en aplicación do convenio colectivo dos traballadores de entidade, entenderase que remata o día hábil inmediato seguinte.

Artigo 13. Circunscricións electorais.

A circunscrición electoral para elixir:

- a) As persoas representantes das entidades deportivas na asemblea xeral é **autonómica**.
- b) As persoas membros do estamento de deportistas é **autonómica**.
- c) A técnicos, xuíces e árbitros e, se é o caso, outros colectivos interesados é **autonómica**.

Sección 5ª. Da campaña electoral

Artigo 14. Da campaña electoral.

1. Entendese por campaña electoral o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polas persoas candidatas encamiñadas á captación de sufraxios.

2. A campaña electoral iniciarase ás 00:00 horas do día posterior á proclamación definitiva de candidaturas e rematará ás 00:00 horas do día inmediatamente anterior á data fixada para a votación; desde este momento non se poderá realizar propaganda algunha en favor de ningunha candidatura.

Artigo 15. Papeletas e sobres.

1. As papeletas dos/das candidatos/as e os sobres de votación serán facilitados, en número suficiente, pola xunta electoral da federación á mesa electoral correspondente.

2. As papeletas confeccionaranse en cores diferentes para cada estamento que vaia obter representación na asemblea xeral.

Capítulo VII. Do sistema de elección a membros da asemblea xeral.

Artigo 16. Das listas abertas.

O sistema de votación para participar no proceso electoral a membros da asemblea xeral responderá ao sistema de listas abertas.

Artigo 17. Sistema de votación a membros da asemblea xeral.

1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos e especialidades. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario establecido para cada unha das mesas: de 9:30 á 13:30 na mesa da sede da Federación, e de 16:30 á 20:30 na mesa de Lugo.

Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.

2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular).

3. No caso das persoas xurídicas, a representación corresponde exclusivamente á persoa que figura no censo electoral definitivo.

4. As persoas electoras poderán marcar na súa papeleta ata unha persoa candidata máis das que lles corresponde elixir ao estamento e/ou circunscrición electoral a que pertence.

5. Unha vez realizado o escrutinio do voto por correo, este remitirase á xunta electoral que proclamará provisionalmente as persoas que formarán parte da asemblea xeral.

6. Contra o acordo de proclamación provisional efectuado pola xunta electoral, poderá presentarse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de tres días que deberá resolver nun prazo de tres días.

7. Finalizado o prazo para a interposición dos recursos ou, se é o caso, resoltos estes recursos, a proclamación de candidatos electos elevarase a definitiva.

8. Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución da seguinte forma:

As vacantes que se produzan na asemblea xeral antes das seguintes eleccións xerais a ela serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polos candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos e, a falta destes, mediante a realización de eleccións parciais sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 20% dos membros da asemblea.

Os elixidos para ocuparen as vacantes a que se refire o apartado anterior exercerán o seu mandato polo tempo que falte para a celebración das seguintes eleccións xerais.

Artigo 18. Composición da Asemblea xeral.

1. O número de membros da asemblea xeral é de 22.

- Polo estamento de Clubs 13
- Polo estamento de Árbitros 2
- Polo estamento de Monitores 1
- Polo estamento de xogadores 6 (2 DGAN)

2. Os seus membros serán elixidos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e porcentaxes de representación que se establecen no presente regulamento.

3. Na asemblea xeral estarán representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación: as entidades deportivas, os deportistas, os adestradores e os árbitros/xuíces.

4. A representación das entidades deportivas corresponde á presidencia ou á persoa que conforme os estatutos de cada entidade lle corresponda. Esta representación acreditarase fidedignamente mediante certificación do rexistro de entidades deportivas de Galicia na que figure expresamente as persoas que teñan a condición de representantes legais da entidade.

5. Non cabe representación das persoas físicas.

6. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

7. A persoa titular da presidencia da federación será membro nato da asemblea xeral.

8. O presidente da federación desempeñará a presidencia da asemblea xeral.

9. A Federación axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Artigo 19. Proporcionalidade na composición da Asemblea xeral.

1. A porcentaxe de cada estamento será nas seguintes proporcións:

- a) Representantes de entidades deportivas: 60%
- b) Representantes de deportistas: 25% (10% D.G.A.N.)
- c) Representantes de adestradores e adestradoras: 5%
- d) Representantes de xuíces/árbitros: 10%
- e) Outros colectivos, se os houber: 0%

2. Unha vez aprobado o censo electoral definitivo de cada un dos estamentos, e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a xunta electoral no prazo máximo de **dous días hábiles** fixará o número concreto de membros de cada estamento, segundo as porcentaxes e criterios establecidos neste regulamento electoral. Esta decisión da xunta electoral non é impugnabile e deberá ser notificada, no prazo de **dous días hábiles**, á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa autorización ou modificación. A resolución da Secretaría Xeral para o Deporte porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso administrativo.

3. A conformación da representación do estamento de entidades deportivas na asemblea xeral da Federación Galega de Billar deberá respectar as regras do artigo 34.5 do Decreto que establece as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos selectivos electorais nas federacións deportivas galegas.

En calquera caso todas as entidades deportivas deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece neste regulamento.

4. Cando o número de persoas candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

Non obstante, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, durante o período electoral dos catro anos, o presidente procederá, no prazo máximo de **3 meses**, á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

Artigo 20. Das persoas candidatas a membros electos da asemblea xeral.

1. Poderá ser persoa candidata a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. No prazo de **tres días hábiles** -contados desde a publicación do censo definitivo.

2. Unha vez rematado o prazo anterior, a xunta electoral no **día hábil seguinte** proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública no taboleiro de anuncios e na páxina web da Federación Galega de Billar, na sección “procesos electorais”.

3. Poderán formularse reclamacións contra dita lista provisional de persoas candidatas no prazo de **tres días hábiles** ante a xunta electoral, que disporá de **tres días hábiles** para resolver.

4. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de **tres días hábiles**, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver no prazo de **sete días hábiles**.

5. Unha vez resoltos os posibles recursos si os houbera, a xunta electoral no prazo máximo de **dous días hábiles**, procederase á proclamación definitiva de candidatos.

Artigo 21. Das candidaturas á presidencia da federación galega.

1. Poderá presentar candidatura á presidencia da federación galega de billar aquelas persoas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 7.

2. O prazo para presentar as candidaturas é de **cinco días hábiles**, contados desde a proclamación definitiva de persoas membros da asemblea xeral. A presentación de candidaturas farase persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral.

3. As persoas candidatas á presidencia deberán presentar as súas candidaturas e deberán ir avaladas polo 10% dos membros da asemblea xeral. Un membro poderá avalar cantos candidatos considere oportunos.

4. A xunta electoral procederá a comprobar a validez dos avais presentados por cada persoa candidata e, a continuación proclamará as candidaturas que cumpran os requisitos para ser elixible.

5. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral, no prazo de **dous días hábiles**, proclamará a lista provisional de persoas candidatas e farana pública no taboleiro de anuncios da federación e das delegacións provinciais, de ser o caso, e na páxina web na sección “procesos electorais”.

6. Poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de persoas candidatas, no prazo de **tres días hábiles**, ante a xunta electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.

7. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de **tres días hábiles**, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver no prazo de **sete días hábiles**.

8. A proclamación definitiva de persoas candidatas á presidencia efectuarase no prazo de **tres días hábiles** desde a resolución do recurso anterior.

9. A persoa que resulte elixida como presidente non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa e non se poderá simultanear a presidencia dunha entidade deportiva coa presidencia da federación deportiva na que se integre a dita entidade deportiva.

Artigo 22. Proclamación dos membros da asemblea xeral.

1. Unha vez realizado o escrutinio do voto por correo, este remitirase á xunta electoral que proclamará provisionalmente as persoas que formarán parte da asemblea xeral. En caso de empate entre dous ou mais candidatos este resolverase aplicando os seguintes criterios:

- O de maior antigüidade na federación (si é posible obtela de forma fidedigna)
- Ou, de persistir o empate, a favor do de maior idade.

2. Contra o acordo de proclamación provisional efectuado pola xunta electoral, poderá presentarse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de **tres días hábiles** que deberá resolver nun prazo de **sete días hábiles**.

3. Finalizado o prazo para a interposición dos recursos ou, se é o caso, resoltos estes recursos administrativos, a proclamación de candidatos electos elevarase a definitiva.

4. As persoas candidatas que non resultaran electas conformarán unha listase ordenada de maior a menor número de votos por estamentos e cubrirán as vacantes que se produzan na asemblea xeral durante o mandato electoral.

5. No caso de renuncia ou vacante da metade mais un dos membros da asemblea xeral, constituirase unha comisión xestora conforme á composición establecida, que asumirá as funcións da asemblea xeral ata o remate do mandato electoral.

Capítulo VIII. Elección da presidencia e comisión delegada da federación.

Artigo 23. Constitución da asemblea xeral.

1. As persoas electas como membros da asemblea xeral tomarán posesión do seu cargo antes da súa sesión constitutiva que terá lugar na sede da Federación Galega de Billar e no prazo de **tres días hábiles** desde a súa proclamación definitiva.

2. A sesión constitutiva da asemblea xeral será presidida pola mesa que se constituía conforme ao disposto no artigo 9.III desde regulamento.

Artigo 24. Elección da presidencia da federación.

1. No día e hora fixados na convocatoria polo presidente da xunta electoral, constituirase a asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección á presidencia e a membros da comisión delegada.

2. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.

3. O voto dos membros da asemblea xeral será único, non admitíndose o voto por correo nin a delegación de voto.

4. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos, iniciando, de seguido, o proceso de votación.

5. Os candidatos poderán expor os seus programas (se o estiman oportuno), procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do presidente, que será secreta.

6. No caso de que se presentase unha soa candidatura, non se efectuará votación.

7. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas realizarase pola comisión xestora unha nova convocatoria da asemblea xeral nun prazo de **sete días hábiles**.

8. Unha vez presentadas a totalidade das candidaturas iniciárase o proceso de votación.

9. Na primeira votación son elixibles todas as persoas candidatas da lista definitiva. Aquelas que obteñan un mínimo do 10 % dos votos das persoas membros presentes pasarán á seguinte votación. No suposto de que ningunha candidatura acade o 10 % dos votos das persoas membros presentes pasarán á seguinte votación aqueles dúas candidaturas que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa unha candidatura a que obteña o 10 % dos votos das persoas membros presentes pasará tamén á seguinte votación a seguinte ou seguintes, en caso de empates, candidaturas en número de votos. Se algunha candidatura acada a maioría absoluta dos votos nesta primeira votación, será proclamada presidenta da federación.

10. Na segunda votación será elixida presidenta da federación a candidatura que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.

11. No caso de que na votación anterior ningunha candidatura obteña a maioría absoluta dos votos emitidos, procederase a unha terceira nova votación entre as dúas candidaturas máis votadas na segunda votación, resultando elixida a que obteña maioría de votos emitidos. Para o caso de empate, resolverase a favor da candidatura que obtivera maior número de votos na segunda votación e, de persistir o empate, a candidatura que obtivera maior número de votos na primeira votación e no caso de persistir o empate, a favor da persoa candidata de maior idade.

12. Rematada a elección, a secretaría da mesa electoral levantará a acta correspondente, que se expoñerá **ao día seguinte** no taboleiro de anuncios da federación así como na paxina web da

federación nunha sección denominada «procesos electorais» xunto coa resolución da xunta electoral da proclamación provisional da persoa elixida presidenta da federación deportiva, ou na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte para o caso de federacións que non teñan páxina web. Contra a resolución da xunta electoral caberá interpoñer, no prazo de **tres días hábiles**, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

13. Finalizado o prazo de reclamacións, recursos e da súa resolución, a xunta electoral procederá á proclamación definitiva do cargo de presidente ou presidenta da federación.

14. Ao día seguinte da proclamación definitiva do cargo de presidente ou presidenta da federación, procederase á toma de posesión no seu cargo, da cal levantará acta a secretaria da xunta electoral. Unha copia desta acta será remitida á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo de **dous días hábiles**.

Artigo 25. Elección de membros da comisión delegada.

1. Os membros da comisión delegada elíxense por e entre os membros da asemblea xeral, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, podendo substituírse anualmente, polo mesmo procedemento, as vacantes que se produzan. O voto por correo non poderá utilizarse en ningún caso para a elección dos membros da comisión delegada.

2. O número de membros da comisión delegada da Federación Galega de Billar é de **nove** máis o presidente que pertence a mesma como membro nato da mesma. Deberá gardarse a seguinte proporción:

- Un terzo da comisión delegada debe ser designado polo titular da presidencia da Federación (tres membros). O Presidente deberá sinalalos no prazo dos **dez días hábiles** seguintes á súa toma de posesión.
- Un terzo debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e de entre os mesmos (tres membros).
- Un terzo corresponderá aos demais estamentos (tres membros), elixíndose esta representación por e de entre os membros de cada estamento en proporción a súa respectiva representación na asemblea xeral.

3. Poderán ser candidatos a membro da comisión delegada os membros da asemblea xeral mediante escrito dirixido a xunta electoral, facendo constar a condición de membro da asemblea xeral e manifestando expresamente a vontade de se presentar como candidato a membro da comisión delegada, especificando o estamento polo que se presenta. O prazo será de **cinco días hábiles** dende a proclamación definitiva dos membros que compoñen a asemblea. Se no prazo establecido para presentar candidaturas se presentase un número inferior aos postos a elixir, ditos candidatos enténdense automaticamente elixidos sen votación e poderán presentarse no acto da asemblea xeral para cubrir as vacantes outros candidatos que serán sometidos a votación entre os restantes membros da asemblea. No caso de empate procederase a unha segunda votación entre os candidatos empatados, e se persiste o empate resolverase por sorteo.

4. O seu mandato coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta. Actuará como secretario da Comisión Delegada o da federación.

Capítulo IX. Da xornada electoral.

Artigo 26. Constitución da mesa electoral.

1. As persoas designadas como membros da mesa electoral para a votación a membros da asemblea xeral e os seus suplentes e da mesa electoral para a votación á presidencia de cada federación, reuniranse o día das votacións unha hora antes da apertura do colexio electoral e procederán á constitución de dita mesa.

2. Se a presidencia ou os vogais non acoden serán substituídos polos seus suplentes.

3. En ningún caso se poderá constituír a mesa electoral sen a presenza da persoa presidenta e persoa secretaria da mesa.

4. No caso de ausencia da persoa presidenta e persoa secretaria, os membros da mesa presentes e os suplentes que acudan redactarán e asinarán unha declaración dos feitos acontecidos, e asumirán a función de presidencia ou secretaria, completando a mesa, total ou parcialmente, no seu caso, coas persoas electoras que estean presentes no local.

5. Transcorrida media hora desde a constitución da mesa electoral, a secretaria redactará a acta de constitución, que será asinada pola presidencia e os vogais.

6. A mesa electoral deberá dispoñer dun censo electoral definitivo para cada un dos membros da mesa.

Artigo 27. Das votacións.

1. Constituída a mesa electoral e na hora prevista a presidencia da mesa electoral anunciará publicamente o inicio das votacións.

2. Unha vez iniciado o acto de votación non se poderá suspender, agás causa de forza maior e sempre baixo a responsabilidade da presidencia da mesa electoral. No caso de suspensión, levantarase a correspondente acta, que será remitida no prazo das **vinte e catro horas seguintes** á xunta electoral, a fin de que se sinale a data en que se repetirá o acto de votación.

3. O dereito a votar será acreditado no censo electoral, pola inscrición da persoa electora no censo electoral.

4. A secretaria da mesa electoral anotará as persoas que voten, con indicación do número co cal figure no censo, así como o seu DNI, pasaporte ou carné de conducir xunto coa representación con que exerce o seu dereito a voto, se se trata dunha persoa xurídica.

5. O voto será secreto a as persoas electoras depositarán o seu voto na urna correspondente mediante unha papeleta introducida nun sobre.

6. A presidencia da mesa electoral será encargada de velar para que a entrada ao local das votacións sexa libre, de manter a orde nel durante a votación e escrutinio e de asegurar a liberdade das persoas electoras no colexio electoral.

7. A presidencia da mesa electoral, logo de consulta co resto das compoñentes da mesa, poderá expulsar do colexio electoral a calquera persoa que interfira a boa marcha das votacións.

8. Rematado o período sinalado para a votación, o presidente da mesa electoral anunciará que vai rematar e preguntará se algún dos electores presentes non votou, admitíndose os votos que se dean a continuación e non se permitirá a ningún máis a entrada no local.

9. Acto seguido, votarán as persoas membros da mesa, sempre que teñan dereito, e declarárase pechada a votación.

10. No caso de rematar o exercicio do voto da totalidade das persoas electoras que figuren no censo, a presidencia da mesa electoral dará por finalizada a xornada electoral e poderá iniciar o proceso de escrutinio de votos.

Artigo 28. Escrutinio.

1. Declarada pechada a votación comezará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.

2. A presidencia procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta, unha a unha, exhibindo cada papeleta ás persoas presentes e anotándose o voto correspondente a cada persoa candidata.

3. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, estenderase a oportuna acta asinada por todos os compoñentes da mesa electoral.

4. Son nulos os votos emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos dos facilitados pola xunta electoral; as papeletas que teñan riscadas; os votos en que por calquera razón, non se poida determinar inequivocamente a candidatura elexida: aqueles votos en que se marquen máis nomes dos establecidos no regulamento electoral para cada estamento ou inclúan o nome de persoas non candidatas. No caso de conter máis de unha papeleta coas mesmas candidaturas marcadas, computarase como un só voto válido, para este caso se as candidaturas marcadas son diferentes deberá computarse como voto nulo. As papeletas deberán conservarse para o caso de que se faga algunha reclamación sobre elas.

5. Consideraranse votos en branco aqueles sobres que non conteñan ningunha papeleta e aqueles sobres que conteñan papeletas que non presenten ningunha marca.

6. Feito o recuento de votos segundo as operacións anteriores, que exerza a presidencia preguntará se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio. Se non se formulan, ou despois de resoltas pola maioría da mesa, a presidencia anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, de votos válidos, nulos, votos en branco e de votos obtidos por cada candidatura.

7. Concluídas as operacións, os membros da mesa asinarán a acta da sesión, na que figuraran, obrigatoriamente, os seguintes datos:

- a) Número de persoas electoras inscritos no censo de voto por correo.
- b) Número de votos emitidos.
- c) Votos declarados nulos, en branco e válidos.
- d) Número de votos válidos obtidos por cada persoa candidata.

e) Observacións presentadas ante a mesa electoral sobre a votación e o escrutinio polas persoas candidatas ou interventoras.

f) Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas e votos particulares.

8. As actas correspondentes aos resultados das votacións e o censo electoral no que conste os electores que exerceron o seu dereito a voto por correo, serán remitidas pola secretaria á xunta electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte antes das **16:00 horas do día primeiro día hábil** seguinte ao da votación.

9. As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios da federación así como na paxina web da federación na sección «procesos electorais », desde o **día seguinte das votacións** e durante **dous días hábiles**.

Artigo 29. Documentación electoral.

1. A mesa electoral preparará a documentación electoral que distribuirá en dous sobres.
2. O primeiro sobre conterá o expediente electoral, composto polos seguintes documentos:

- a) Orixinal da acta de constitución da mesa electoral.
- b) Lista do censo electoral de voto por correspondencia.
- c) Lista numerada das persoas votantes e das papeletas ás cales se lles negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación.
- d) Acta de escrutinio.

3. O segundo sobre conterá copia da documentación anteriormente citada.

4. Unha vez pechados os sobres, a presidencia e os vogais asinaranos por riba das lapelas que os pechan e serán remitidos, dentro das **vinte e catro horas seguintes**, á xunta electoral, e a Secretaría Xeral para o Deporte.

Artigo 30. Do voto por correo.

- Exercicio do voto por correo

1. O voto presencial prevalecerá sobre o emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

2. As persoas electoras poderán exercer o seu dereito de voto por correo de acordo co seguinte procedemento:

- a) As solicitudes de voto por correo poderán presentarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata **cinco días hábiles** despois da publicación do censo definitivo. Presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>,

dirixida ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, conforme ao modelo do anexo II (código do procedemento DE200A).

A presentación electrónica será obrigatoria para as entidades deportivas e outras persoas electoras que estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

No caso das persoas xurídicas deberá solicitar o voto por correo a persoa que apareza no censo como representante.

As persoas interesadas que non estean obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, opcionalmente poderán presentalas nos servizos provincias do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte ou en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

b) Recibida a solicitude, a Administración deportiva comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral, e enviaralle por correo certificado os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas, así como a documentación necesaria, ao domicilio indicado na súa solicitude ou, na súa falta, ao que figure no censo.

c) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre de votación do estamento e, se é o caso, especialidade deportiva e circunscrición á que pertenza. Posteriormente, este sobre introducirase dentro do que vai dirixido á mesa electoral do voto por correo, xunto coa fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente.

d) O envío deberá realizarse, nalgunha das oficinas de Correos, antes do **sexto día hábil** previo á data de celebración das eleccións, e deberá dirixirse ao enderezo do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, que custodiará a documentación ata o día da votación.

3. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará **vinte e catro horas antes** das votacións presenciais.

4. O sobre que remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo, consignándose no anverso e reverso do mesmo os datos recollidos no anexo I deste regulamento.

- Escrutinio do voto por correo.

1. Constituída a mesa electoral de voto por correo, a presidencia procederá ao desprecintaxe das sacas e comprobarase a correspondencia entre os sobres e o censo electoral. Non se admitirán os sobres e votos daquelas persoas electoras que consten no censo electoral que votaron de forma presencial.

2. Unha vez comprobado, as persoas membros da mesa abrirán o sobre principal e clasificarán os sobres por estamentos e circunscricións; de seguido a presidencia introduciráos na urna correspondente.

3. Unha vez finalizada a introdución dos sobres nas urnas, comezará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.

4. A presidencia procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta, unha a unha, exhibindo cada papeleta ás persoas presentes e anotándose o voto correspondente a cada persoa candidata.

5. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, redactarase a oportuna acta asinada por todas as persoas que compoñen a mesa electoral.

6. Son nulos os votos emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos dos facilitados pola xunta electoral; as papeletas que teñan riscadas; os votos en que, por calquera razón, non se poida determinar inequivocamente a candidatura elixida; aqueles votos en que se marquen máis nomes dos establecidos no regulamento electoral para cada estamento ou inclúan o nome de persoas non candidatas. No caso de conter máis dunha papeleta coas mesmas candidaturas marcadas, computarase como un só voto válido, para este caso se as candidaturas marcadas son diferentes deberá computarse como voto nulo. As papeletas deberán conservarse para o caso de que se faga algunha reclamación sobre elas.

7. Consideraranse votos en branco aqueles sobres que non conteñan ningunha papeleta e aqueles sobres que conteñan papeletas que non presenten ningunha marca.

8. Feito o recuento de votos segundo as operacións anteriores, quen exerza a presidencia preguntará se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio. Se non se formulan, ou despois de resoltas pola maioría da mesa, a presidencia anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, o de votos válidos, nulos, de votos en branco e de votos obtidos por cada candidatura.

9. Concluídas as operacións, as persoas compoñentes da mesa asinarán a acta da sesión, na cal figurarán, obrigatoriamente, os seguintes datos:

- a) Número de persoas electoras ás que se admitiu e notificou o seu dereito a exercer o voto por correo.
- b) Número de votos emitidos.
- c) Votos declarados nulos, en branco e válidos.
- d) Número de votos válidos obtidos por cada persoa candidata.
- e) Observacións presentadas ante a mesa electoral sobre a votación e o escrutinio polas persoas candidatas ou interventoras.

f) Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas e votos particulares.

10. As actas correspondentes aos resultados das votacións e o censo electoral en que consten os electores que exerceron o seu dereito a voto por correo, serán remitidas pola secretaría á xunta electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte **antes da 16.00 horas do primeiro día hábil** seguinte ao da votación.

11. As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios da federación así como na paxina web da federación nunha sección denominada «procesos electorais», ou na páxina do órgano superior competente da Administración autonómica en materia de deporte para o caso de federacións que non dispoñan de web, desde o día seguinte das votacións e durante dous días hábiles.

- Documentación electoral.

1. A mesa electoral preparará a documentación electoral que distribuirá en dous sobres.

2. O primeiro sobre conterá o expediente electoral, composto polos seguintes documentos:

a) Orixinal da acta de constitución da mesa electoral.

b) Lista do censo electoral de voto por correspondencia.

c) Lista numerada das persoas votantes e das papeletas ás cales se lles negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación.

d) Acta de escrutinio.

3. O segundo sobre conterá copia da documentación anteriormente citada.

4. Unha vez pechados os sobres, a presidencia e os vogais asinaranos por riba das lapelas que os pechan e serán remitidos, **dentro das vinte e catro horas seguintes**, á xunta electoral, e a Secretaria Xeral para o Deporte.

Capítulo X. Da moción de censura.

Artigo 31. Moción de censura.

A presentación dunha moción de censura contra a persoa presidenta da Federación Galega de Billar axustarase ós seguintes criterios:

a) Non poderá presentarse durante os seis primeiros meses de mandato, nin cando resten entre seis meses e un ano ata a data a partires da cal poida realizarse a convocatoria de eleccións, circunstancia a determinar polas normas da federación.

b) A moción de censura deberá ser proposta e presentada, polo menos, pola terceira parte dos membros da asemblea xeral e incluírá necesariamente unha persoa candidata á presidencia da federación.

c) A presentación da moción de censura dirixirase á xunta electoral da federación, que deberá resolver o que proceda no prazo de dous días hábiles.

d) Cando se acorde a admisión a trámite da moción de censura, a presidencia da federación deberá convocar a asemblea xeral nun prazo non superior a corenta e oito horas, a contar desde que lle sexa notificada a admisión. A asemblea xeral que debata sobre a moción de censura deberá celebrarse nun prazo non inferior a quince días nin superior a trinta días, a contar desde que fora convocada.

e) Unha vez convocada a asemblea extraordinaria para o debate e votación da moción de censura, e dentro dos dez primeiros días seguintes a esa convocatoria, poderán presentarse mocións alternativas. En ningún caso a moción de censura alternativa poderá ser subscrita por quen promovera a inicial.

f) A votación, que deberá ser secreta, seguirá o mesmo sistema que o previsto para a elección da presidencia. Para que a moción de censura prospere e cese de forma automática a persoa que ocupa a presidencia, se requirira que, sometida a votación, sexa aprobada pola maioría absoluta dos membros da asemblea xeral.

Se a moción fora aprobada, a persoa candidata que resulte elixida permanecerá no cargo polo tempo que restase ata a finalización do período de mandato da anterior presidencia.

g) Se a moción fora rexeitada pola asemblea xeral, as persoas signatarias non poderán presentar outra ata transcorrido un ano, a contar desde o día da súa votación e rexeitamento.

h) Informarase a través da páxina web da federación da presentación da moción de censura e da data da convocatoria da asemblea xeral, así como do resultado.

i) As decisións que adopten os órganos federativos en relación coa presentación, admisión, tramitación e votación da moción de censura, ou mocións alternativas, poderán recorrerse ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de cinco días hábiles.

Capítulo XI. Do réxime de reclamacións e recursos.

Artigo 32. Reclamacións ante a xunta electoral.

1. O coñecemento de todas as reclamacións que se poidan formular na materia electoral corresponde á xunta electoral, e serán todas as súas resolucións impugnables ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

2. Están lexitimadas para interpoñer estas reclamacións as persoas representantes das candidaturas ou as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

3. As reclamacións ante a xunta electoral serán presentados persoalmente ou por calquera medio (correo electrónico, burofax, correo certificado, telegrama,...) que acredite fidedignamente en dereito a presentación do escrito na sede federativa. O escrito dirixido á presidencia da xunta electoral e nas reclamacións á xunta electoral deberá constar o enderezo de correo electrónico a efectos das notificacións das resolucións das reclamacións.

4. Os prazos para a presentación destes recursos, así como os recurso contra as resolucións da xunta electoral serán os fixados neste regulamento electoral, e respectaranse en todo caso os establecidos no Decreto que regula este proceso electoral si se estableceran outros distintos.

Artigo 33. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

De acordo co disposto no artigo 88 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, correspóndelle ao Comité Galego de Xustiza Deportiva o coñecemento e a resolución dos recursos que neste proceso electoral adopte a federación, podendo adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a legalidade do proceso electoral.

1. Contra os acordos e resolucións da xunta electoral procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.

2. Están lexitimados para interpoñer o recurso quen fose parte na impugnación ante a xunta electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordo ou resolución.

3. Os prazos de imposición do recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva será de tres días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso ou, se fora o caso, dende o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada.

4. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

a) O nome, DNI ou NIE, enderezo electrónico e domicilio da persoa física . Denominación, CIF, enderezo electrónico, a efectos das notificacións das resolucións das reclamacións, e enderezo social da persoa xurídica.

b) Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

c) A lexitimación para interpoñer o recurso.

d) O acto contra o que se recorre e a razón da súa impugnación.

e) As consideracións de feito e de dereito en que se baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.

f) As pretensións que deduzan de tales consideracións.

g) Lugar, data e sinatura.

5. O Comité Galego de Xustiza Deportiva será competente para coñecer, en última instancia administrativa, dos recursos interpostos contra:

a) O acordo de convocatoria das eleccións, así como contra o calendario electoral e fronte a composición da Xunta electoral.

b) As resolucións que se adopten en relación co censo electoral provisional e definitivo????.

c) As resolucións adoptadas durante o proceso electoral pola comisión xestora e a xunta electoral da federación en relación co proceso electoral e as restantes cuestións previstas na norma que regula este proceso electoral.

Artigo 34. Interposición dos recursos.

Os recursos dirixidos ao Comité Galego de Xustiza Deportiva deberán presentarse nos órganos federativos ou xuntas electorais que, se é o caso, adoptasen as actuacións, acordos ou resolucións que se pretenden impugnar. A xunta electoral remitirá no mesmo día o seguinte á presentación, por correo electrónico ao enderezo eleccionsfederacions2022.deporte.@xunta.gal, o recurso co expediente completo e o seu informe. Transcorrido o prazo correspondente sen que se interpoña o recurso, os acordos ou resolucións serán firmes.

Artigo 35. Tramitación dos recursos.

Á tramitación dos recursos atribuídos ao coñecemento do Comité Galego de Xustiza Deportiva aplicaráselle a lexislación sobre procedemento administrativo común e o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, agás os prazos dos distintos trámites que se axustarán ao disposto no presente decreto e aos acordos do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

ANEXO I.

Modelo de sobres de votación e papeletas.

a) Sobre de votación. (Sobre 1)

ELECCIÓN Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE BILLAR

ESTAMENTO DE.....

CIRCUNSCRICIÓN AUTONÓMICA

Mesa electoral.....

Indíquese, cando corresponda, se a persoa electora está incluída nalgún dos seguintes supostos:

Estamento de deportista: deportista cualificado como deportista (galego/estatal) de alto nivel.

b) Sobre para a remisión do voto por correo. (Sobre 2)

Anverso:

FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE BILLAR

Enderezo: Luis Ksado, 17 – 1º - Of. 6 - 36209 - VIGO

Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Billar

Reverso:

Nome e apelidos /Razón Social:

Estamento de:

Circunscrición:

Especialidade de (se é o caso):

Deportista de alto nivel:

b) Papeleta de votación

VOTACION PARA A ELECCION DAS PERSOAS REPRESENTANTES NA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACION GALEGA DE BILLAR

Circunscrición: Autonómica

Estamento:

Dou o meu voto as seguintes candidaturas:

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....
- 7.....
- 8.....

A persoa electora poderá marcar na súa papeleta ata unha persoa candidata mais das que lles corresponde elixir ao estamento e/ou circunscrición electoral á que pertence.